



INSTRUCCIONES PARA A SOLICITUDE DE PRAZA

ADSCRICIÓN A CENTROS

O centro Andaina non está adscrito a ningún outro centro educativo nin para recibir alumnado doutro centro nin para que o noso alumnado curse ensinanzas superiores noutro.

SOLICITUDE DE ADMISIÓN

O prazo de entrega de solicitudes abrangue do 1 ao 21 de marzo, ambos os dous inclusive. A solicitude de posto escolar será única e presentarase no primeiro centro solicitado. Na propia solicitude poden cubrirse ata 6 centros ordenados por preferencia.

A solicitude presentada nun centro educativo poderá anularse mediante a presentación dunha nova indicando expresamente por escrito que quedan sen efecto as presentadas con anterioridade. A renuncia á solicitude rexistrada nun centro só se admitirá ata o último día do prazo de presentación de solicitudes.

A duplicidade de solicitudes tramitarase de acordo co previsto no artigo 15.6 do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro e o artigo 34 da Orde do 12 de marzo de 2013, a fin de escolarizar ao alumnado afectado.

O alumnado que tivese posto reservado en centro de adscrición poderá presentar solicitude de admisión, se acredita que renunciou ao posto reservado antes do 28 de febreiro de 2022.

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, perderá esta cando resulte admitido con carácter definitivo noutro centro.

A solicitude poderá asinada calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito. Nos demais casos requírese a sinatura das dúas persoas titulares agás que a patria potestade estea atribuída a unha delas con carácter exclusivo, ou en situacions de violencia de xénero.



MODALIDADE DE SOLICITUDE

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pon á disposición das familias para a solicitude de praza en centros educativos sostidos con fondos públicos unha aplicación online, mantendo tamén a posibilidade de presentar esta solicitude de forma presencial (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>)

O centro pon a disposición dos solicitantes os formularios normalizados (en versión papel ou dixital), que tamén poden descargarse da citada web. Os formularios estarán dispoñibles o 1 de marzo de 2022.

CONSULTA AUTOMÁTICA DE DATOS

Para a tramitación da solicitude de admisión, a familia pode autorizar a **consulta automática** dos seguintes datos que obran en poder da administración pública:

- DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar.
- Domicilio fiscal.
- Renda anual *per cápita* da unidade familiar.
- Condición de familia numerosa.
- Discapacidade da/o alumna/o, do proxenitor/a, do titor/a ou dos irmáns/ás recoñecida pola Xunta de Galicia.

No caso de que as persoas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos que acrediten calquera destas circunstancias.

O proxenitor/a deberá **achegar coa solicitude de admisión a seguinte documentación:**

- Copia do DNI da persoa solicitante e os membros da unidade familiar cando se denegue a súa consulta.
- Documento acreditativo do requisito de idade do alumno/a.
- Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa, de ser o caso.
- Convenio regulador ou resolución de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.

Naquelas aulas onde o número de solicitudes sexa superior ao de prazas ofertadas, o solicitante deberá presentar a documentación xustificativa dos criterios de baremo que alegue ou, naqueles en que sexa posible, autorizar a súa consulta automática, sempre dentro do prazo indicado no calendario de admisión.